
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/32-1
Entidade	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE FISTERRA, CORCUBIÓN E LIRA	
Plan explotación⁽¹⁾	SOLENIDOS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>) e longueirón (<i>Ensis siliqua</i>)
Ambito do plan	Bancos de Langosteira, Talón, Sardiñeiro, Estorde, Mariña, Castelo, Quenxe, Fornelos, Brens, Gures, Ézaro, O Pindo e Caldebarcos
Subzonas de explotación	Langosteira (CM-060), Talón (CM-061), Sardiñeiro (CM-062), Estorde (CM-063), Mariña (CM-064), Castelo (CM-065), Quenxe (CM-066), Fornelos (CM-067), Brens (CM-068), Gures (CM-069), Ézaro (CM-142), O Pindo (CM-143, CM-057) e Caldebarcos (CM-056)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
	19	51
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción						200						
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla e longueirón ^(*)	-	-	15-20 kg

^(*) Ver consideracións

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control	Zona de produción, peiraos e lonxa de Fisterra, Corcubión e Lira, e embarcación de vixilancia (só no caso de que teñan vixiantes)
Puntos de venda	Lonxas de Fisterra, Corcubión e Lira, ou calquera outra autorizada.

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Zona de produción: exclúese do ámbito deste plan a zona delimitada como reserva mariña de interese pesqueiro *Os Miñarzos* cuxos límites son os seguintes:

Punta Larada	42° 50.408'N	9° 06.359'W
Cuberto	42° 49.608'N	9° 09.535'W
Miñarceo	42° 48.608'N	9° 10.490'W
Miñarzos	42° 47.843'N	9° 10.640'W
Cabezo Figueroa	42° 47.072'N	9° 09.647'W
Lombo da Campa	42° 47.151'N	9° 07.872'W

A explotación de solénidos dentro da reserva desenvolverase conforme ao Plan de Xestión Integral aprobado para o seu ámbito.

Os bancos de Fornelos e Brens están incluídos dentro da zona de produción GAL 07/04 clasificada zona de clase C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que a súa apertura só se autorizará no caso de haber demanda por parte dunha empresa de transformación e en datas separadas ás do resto dos bancos co obxecto de garantir a trazabilidade dos produtos.

Participantes: O listado anexo ao plan inclúe ás 19 embarcacións co recurso navalla-longueirón Z5 autorizadas para traballar neste plan, ás que lles asignan 52 mergulladores con dereito a cota, cando conforme aos datos da Consellería o número de cotas correspondentes a estas embarcacións é de 51. A diferenza está nas 5 cotas que indican no plan para a embarcación cando o que ten asignado son 4 cotas. A distribución das embarcacións e cotas por



confrarías é a seguinte:

- 14 asociadas á confraría de Fisterra, con 38 cotas
- 4 asociadas á confraría de Corcubión, con 11 cotas
- 1 asociada á confraría de Lira, con 2 cotas

Días máximos de extracción: á vista da evolución do plan e da falta de acordo respecto á anulación dos días de extracción, o número de días máximos queda fixado en 200.

Topes máximos de captura: Fíxase en 15 kg por mergullador con dereito a cota, enrolado e a bordo, e día, co obxecto de axustarse á actividade real que se está a levar a cabo.

Poderase autorizar un tope de 20 kg por mergullador e día exclusivamente nos bancos de Ézaro, O Pindo e Caldebarcos, sempre que o destino do produto sexa unha empresa conserveira e se estableza un punto de control efectivo nestes bancos.

As cotas máximas para as embarcacións establécense en función dos mergulladores con habilitación que estean debidamente enrolados e a bordo.

Puntos de control: Establécense puntos de control nas zonas de traballo, nas embarcacións de vixilancia das confrarías integrantes do plan. Os responsables serán os vixiantes das confrarías que, unha vez rematada a xornada, inspeccionarán as embarcacións, realizarán o control de cupos e tallas e cubrirán un parte no que conste a zona de traballo, nome da embarcación, número de mergulladores e quilos extraídos. As capturas serán levadas á lonxa na embarcación de vixilancia. No caso de non contar coa embarcación de vixilancia, o control será realizado nos peiraos ou nas lonxas das confrarías. Os responsables deste control serán os vixiantes das confrarías e, no caso de non contar con ningún, os propios mergulladores de xeito rotativo que, ao igual que no control na zona de traballo, cubrirán un parte de control. Na lonxa verificarase que os datos das capturas coinciden cos obtidos no punto de control. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes no plan.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Xestión da explotación: Considérase moi axeitada a proposta de realizar vedas, de entre 2 e 3 meses, nos bancos máis habituais de traballo como mellora da xestión da explotación. Constituíuse unha comisión xestora que é a encargada da elaboración deste plan, organización e xestión da extracción e será responsable de facer o seguimento do plan. Esta comisión decidirá os días nos que se solicitará a apertura mensual e o porá en coñecemento da confraría de Fisterra para que esta tramite a solicitude ante o Departamento Territorial. Así mesmo, comunicará con antelación suficiente os días que deben ser anulados e a causa da anulación. As normas de funcionamento desta comisión, funcións, convocatorias, toma de acordos... están perfectamente definidas. As solicitudes de apertura requirirán a sinatura do patrón maior de Corcubión.

Horario: Non se aproba o horario de traballo proposto neste plan dado que non se axusta ao establecido no Decreto 424/93 no que o horario que rexe esta actividade se fixa de 8'00 a 14'00 horas.

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder



traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011**. Advírtese que:

-

Plan de control: No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente**, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose **un ticket nominativo**.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.
- Recoméndase que, dende a comisión xestora, se busque un acordo respecto á anulación de días de extracción.